

**AS “MATRIARCAS”<sup>1</sup>****DA INTERVENCIÓN, DA TECNOLOXÍA FACILITADORA ÁS TIC’S NAS  
ALDEAS DE GALICIA****Alicia González Barreiro<sup>2</sup>****Mestra en Ciencias da Educación-Animación Sociocultural****RESUMO**

As “**Matriarcas**” grandes intervencionistas e animadoras nos espazos rurais da Galicia de interior (posiblemente extrapolables a outros espazos de similar orografía); sendo a raíz de transmisión nas aprendizaxes naturais do ser humano as formadoras e dinamizadoras da poboación e dos espazos nos que viven e conviven.

Mulleres mantedoras por xeracións da cultura etnográfica dun xeito natural, en casos dunha transmisión oral: poemas, cantigas, contos, xeitos de facer e traballar; traballando na formación diaria que é base do desenvolvemento do pobo. Un xénero descoñecedor do seu tempo lúdico e formativo illado da labor, que chegaron coa creación dos entes do asociacionismo, a implicarse na súa propia formación.

Móstranos como precursoras e implicadas no emprego das tecnoloxías de modernización nos fogares, nun proceso evolutivo e progresivo a súa adaptación a todas as melloras, proceso realizado en moitos dos casos, con carencias formativas formais, que non son impedimento para o emprego do ensaio-erro. Precursoras e actualizadas no manexo das TICS, complicado nestes espazos polas zonas escuras, as carencias monetarias e a escasa formación axeitada.

**PALABRAS CLAVE:**

Matriarcas, Intervención, Animadoras, Formación, Tecnoloxía, TIC ‘S.

**ABSTRACT**

The “**Matriarchs**” the big interventionists and entertainers in the rural spaces of the Galicia of interior (possibly comparable to other spaces of similar orography); being the formers and dynamizers of the population and of the spaces in which they live and live together as a result of transmission in the natural learnings of the human being. Maintainer women by generations of the ethnographic culture in a natural way, in cases of an oral transmission: poems, songs, stories, ways of doing and working; working in the daily formation that

---

1 Non empregamos o termino “matriarca” en contraposición do patriarcado. Buscamos a visibilización da matria (a raíz), esquecida.

2 Derivado da investigación realizada por ALICIA GONZÁLEZ BARREIRO Mestra en Ciencias da Educación-Animación Sociocultural (UTAD), baixo o título: “Animación sociocultural, a intervención comunitaria e organizativa nun espazo de aldea da mau matriarcal”. Presentada na Universidade de Trás-os-Montes e alto Douro (Portugal). Orientadores: D. Marcelino de Sousa Lopes (UTAD), D. Xosé Manuel Cid Fernández (Universidade de Vigo). Investigación realizada baixo participación de 3 asociacións de mulleres rurais (Ourense).

**As “Matriarcas”****Da intervención, da tecnoloxía facilitadora ás TIC’s nas aldeas de Galicia****Copyleft: Alicia González Barreiro**

is a base of the development of the people. A gender deconnoisseur of his isolated recreational and formative time of the work, that they arrived with the creation of the entities of the associationism, to be implied in his own formation.

To us show themselves as introductory and implicated in the employment of the technologies of modernization in the homes, in an evolutionary and progressive process his adaptation to all the improvements, process carried out in many of the cases, with formal formative lacks, that I am not an impediment for the employment of the essay-error. Precursors updated in the handling of the TICS, complicated in these spaces by the dark areas, the money lacks and the scarce adequate formation.

## KEY WORDS

Matriarchs, Intervention, Entertainers, Formation, Technology, TIC'S

## MATRIARCAS

As “**Matriarcas**”, nun ollar evolutivo, son nos espazos rurais o **paradigma** fundamental da súa actualización ós tempos, como alicerce dos movementos da animación dos seus entornos e fogares e coidadoras dos seres, acercan a unha cultura inmaterial de transmisión necesaria para o desenvolvemento.

A súa capacidade de aprendizaxe mostrase na actualidade na introdución do emprego das tecnoloxías, que modificaron tamén os espazos de Aldea.

Despois de todas as mostras demográficas<sup>3</sup> que nos levan a unha visión envellecida das aldeas de Galicia, como tamén mostran outras comunidades rurais; na que as mulleres son superviventes por rango de idades, descubrimos que nestes espazos, aldeas, viven e existe na necesidade e o ansia de aprender; de sentirse parte do mundo e non só con unha faceta de coidadoras de cativos/as e maiores, sen por outro lado menospreciar o valor que nesta actividade teñen.

As situacións de labor das mulleres que foron en grande medida as mantedoras do rural e da súa cultura inmaterial, garda do pobo e dos seus fogares, sendo conservadoras tamén, da cultura material vinculada a elas de xeito directo ou indirecto, como (lavaderos, igrexas, marcos, cimiterios..) na que é visible a súa labor de coidadoras e que mostra a forza das mulleres Galegas, que tamén queda refrexada nun libro para a formación formal dos cativos/as, empregado nas aulas para a educación dentro da época da dictadura, na que o texto autorizado pola Delegación Nacional do fronte de Xuventudes reza:

*“Elemento fundamental en el espíritu gallego es la mujer, que parece llenarlo todo. En el campo, trabaja como el hombre; en el hogar, es madre fecunda y mujer de su casa; en toda empresa, hembra de valor y temple...”*

(Mendoza, 1955: p.128)

---

3 INE (Instituto Nacional de Estadística), donde se pode verificar a situación demográfica

## ALDEAS

A pequenas estruturas poboacionais do rural, aldeas<sup>4</sup>, son un reduto daquel primeiro sector que foi pouco a pouco desaparecendo e que garda unha especial relación coa terra. Esquecido e aillado, mantendo unha unión con un xénero o feminino, a parte matriarcal que enlaza o fogar e a realidade, polo tanto, á actualidade que se da e modifica espazos, á matria. As nais, mulleres, matriarcas, teñen sido en calquer espazo receptoras e **transmisoras** do coñecemento, **da animación**, e **da cultura**, pero, nestes espazos, isto resulta moi remarcado.

En palabras de Puig:

*“La cultura no se compra ni se vende: se respira, facilita la vida personal y en el mundo. Crea y facilita pertenencia, complicidad, solidaridad, libertad, creatrividad, curiosidad, esperanza(...)”*

(p.19 Consulta en Web)

Non foron os entornos de aldea, alleos ós momentos e movementos que mudaron o mundo, e que deron nun proceso de despoboamento do rural, de inactividade do sector primario; do agro. Que fixo xurdir unha poboación máis individualizada, máis incomunicada; sendo grandes afectadas as mulleres, mantedoras e conservadoras dun minifundismo que conforma por orografía o espazos de aldea galegos. Matriarcas, afectadas pola exclusión; debido nun primeiro intre a cultura patriarcal e relixiosa que comenza a ter claras modificacións nos anos 80; e por outro lado, ás emigracións altamente remarcadas nos 60 nesta comarca Ourense, que emigraba cara Europa e capitais de España; si ben, Galicia ten un compoñente de emigración altamente coñecido e remarcado coa “*morriña*”.

## PESO DA EDUCACIÓN

As matriarcas de aldea na actualidade, nos indican, en consideración das mesmas, ser as segundas ou terceiras na preferencia en canto a mobilidade, isto é o emprego dos vehículos na disposición familiar, dando a visión dun valor principal do home ou fillos/as; sendo isto outra exclusión, que mostra o aillamento cara os espazos de formacións, espazos lúdicos que nas décadas dos oitenta e noventa foron creados polas administracións e os poderes burocráticos e políticos para fausto e mostra de evolución, pero, que esqueceron a creación de infraestruturas cercanas a poboación, esquecendo que non só a Vila ten persoas.

A sociedade estaba a mudar dun xeito rápido, neses anos e xa neses intres dos oitenta, nun artigo do periódico “La Voz de Galicia” se pode ler, dunha situación que agora é mais evidente:

*“Diez años de sistema democrático han sido insuficientes para que las administraciones públicas establezcan mecanismos de control riguroso del destino del dinero que es de todos. Por desgracia se impone la idea de que los administradores del poder, de cualquier poder local, provincial, autonómico, estatal, campan a sus anchas con los presupuestos millonarios que maneja.*

*(...) El millonario mundo del juego y de las concesiones de licencias”*

(Mosqueiro, 1988:pp.291-292)

---

4 Pequenas estruturas poboacionais (lugares), conxuntamente conforman as Parroquias da Galicia

Mostrárenos unha situación das aldeas e da súa poboación dun xeito evolutivo de cara a súa desertización fronte a aglomeración e consideración dun feito de mellora dos espazos urbanos. Nembargantes as Aldeas manteñen a forza do poder social e comunitario que funciona coa comunicación e a forza da poboación, nun arraigo dos usos e costume que se proba nos últimos anos nunha visión de decrecemento, considerando a socialización unha mostra de forza e apoio, que foi mudando nestes entornos no camiño da modernización.

## MATRIARCAS E INNOVACIÓN (ASOCIACIONISMO FEMININO RURAL)

A entrada do consumismo e do capitalismo nas aldeas, que deu comezo nos 60, cos aires europeos do 68, e as forzas das emigracións, son mais remarcados cos cambios políticos dos anos 80 (coa entrada de España e Portugal na UE)<sup>5</sup>, que modifican a súa formación e conformación<sup>6</sup>, en canto a xestión das aldeas, coa creación das **asociacións**, modificando o xeito de traballo comunitario e a intervención social da súa poboación.

Mudan os procesos de desenvolvemento das actividades comunitarias, as actividades intervencionistas que neste caso as matriarcas viñan realizando dun xeito aprendido, tradicional, e natural. Chegando a elas tamén, a información das vantaxes do asociacionismo no espazo rural, como forza grupal e de activación, feito este, que mudou tamén **o tempo das mulleres** coa creación de espazos lúdicos, formativos e informativos para un xénero en grande medida descoñecedor desta posibilidade, que tiñan vinculada a unha dicotomía de labor e encontro.

*(...)as mulleres saen á compra, atópanse na misa, pero logo pa casa(...).*

(Pereiro,2005:p.171)

Coa chegada da modernidade do capitalismo, os espazos de aldea tiñan perdido o seu desenvolvemento comunitario, unha socialización no envolvimento da mellora do traballo no xénero feminino, para dar nunca sociedade copia das urbes de individualización; sucumbindo o consumismo e a percepción da modernidade derivaba das Vilas.

Teñen unha viraxe nova, na chegada dos anos 90 cun xeito de mostra de forza conxunta e de tempo propio, no asociacionismo burocratizado e organizado, entes que serán outro xeito de formación e adicación, na mellora do seu momento, na aprendizaxe e no encontro das mulleres do rural, da aldea.

## TECNOLOXÍA E EXPERIMENTACIÓN

Matriarcas, humanos de introdución nos fogares de cada un dos elementos tecnolóxicos que acompañan a vida diaria, chegando o emprego das actuais **TIC'S**, e supeditadas estas para o seu funcionamento a eliminación de zonas escuras (que se observa na comarca en estudo, nalgunhas das aldeas), o acceso de dispoñibilidade monetaria para a compra dos terminais, e o acercamento da formación da poboación dun xeito adaptado o emprazamento, idades e circunstancias.

Teñen sido as mulleres, nestes pequenos recunchos de poboación, as innovadoras e aprendices dos avances que foron xurdindo, sen esquecerse dese compoñente sanguíneo e familiar, que sempre actúa nas aprendizaxes matriarcais, non só na busca dunha mellora persoal en canto a redución e

5 No ano 1986 España entra a formar parte do Mercado Común Europeo.

6 Comenzó da introducción do asociacionismo.

carga de traballo a levar a cabo, na que as tecnoloxías foron sen dubida unha axuda, senón pola achega o lazo de sangue o calor familiar. As matriarcas teñen dado valor e utilidade a todas as innovacións que a tecnoloxía accesible, ten traído no desenvolvemento da mellora dentro dos fogares e as súas labores.

Ollando nun proceso evolutivo dende comezos do século XX e tendo en conta o concepto tecnolóxico<sup>7</sup>, vemos no referente as matriarcas que son por costume evolucionadas e experimentadoras; só do paso dos antigos teares<sup>8</sup> en aldeas pretas a nosa investigación, ata a chegada das primeiras máquinas de coser<sup>9</sup>, que traían engadido, non só unha pequena independencia económica a este xénero, (supeditado por formación e poder ás ordenes do xénero masculino<sup>10</sup>); senón tamén, á formación nun oficio, coas técnicas precisas, o que da a ver tamén, unha modificación no tempo de adicación á aprendizaxe, xurdindo un espazo de animación formativo (non formal), de encontro social para as mulleres en idades cativas (10anos aproximadamente era a media nesta formación a finais dos anos 50<sup>11</sup>, que serían profesionais cara os 13 anos)<sup>12</sup>; nun proceso de mellora individual e familiar, na busca dunha profesión distinta a labranza, e no manexo da tecnoloxía propia do oficio, dando lugar a unha mostra doutro xeito de animación formativa que leva implícita a tecnoloxía que dinamizaba espazos de aldea de cara o desarrollismo.

Toda a tecnoloxía de mellora e facilitadora na labor matriarcas: os ferros, as cociñas (económicas), de gas butano, vitroceramicas ou as de indución, fornos, lavalouzas, lavadoras, microondas, radios e televisores, (instrumentos estes últimos de información e lúdicos que modificaron notablemente fogares e espazos rurais); móstrannos todos unha cadea tecnolóxica que ten facilitado e mellorado a vida de labor, a comunicación e movemento das Aldeas, todo isto, dun xeito reseñable.

Advertindo nas matriarcas, en moitos dos casos, unha formación formal moi básica ou escasa, que manifestan elas mesma non ter ou quedar limitada ós antigos estudos primarios<sup>13</sup>, e incluso o analfabetismo<sup>14</sup>; sendo claramente iste mais remarcado, si a idade das mesmas é moi avanzada; non sendo un impedimento para o emprego de todas as modernidades que o paso dos anos trouxeron tamén ás pequenas aldeas, fosen estas, aloxadas ou non das urbes.

Non foi o feito mencionado do analfabetismo en casos, ou a pouca formación formal, algo que limitase para que a tecnoloxía teña tomado o poder e o eixe facilitador dos fogares, tampouco o feito de non saber ler, impide manexar instrumentos tecnolóxicos actuais; con manecillas, botóns, mandos e material de instrucións, (que por outro lado, nos advirten no leen, ou non comprenden) sempre desenvolven a súa habilidade de aprendizaxe ou funcionamento con unha simple explicación e a práctica de ensaio-error, algo que mostra por outro lado, a capacidade “matriarcal” de adiantarse os tempos e a súa capacidade de aprendizaxe a calquer idade.

Si atendemos a palabras de Lopes:

7 **Tecnoloxía** é o conxunto de coñecementos técnicos, científicamente ordenados, que permiten diseñar e crear bens e servizos que facilitan a adaptación o medio ambiente e satisfacer tanto as necesidades esenciais como os desesos da humanidade. (Fonte: Wikipedia)

8 Tear de Zobra, Concello de Lalín (da Familia Taboada).

9 Constancia da chegada das mesmas a este entorno a finais do XIX, en concreto na zona estudada da marca SINGER.

10 Claramente observable na formación dada ás mulleres pasada a guerra civil (Servizo social obrigatorio), en documentación dispuesta en Hemeroteca

11 Referencia da idade das enquisadas superior os 66 anos de xeito maioritario.

12 Información obtida para a comunicación de Alicia Glez. Barreiro dentro V Congreso de Patrimonio etnográfico “Os oficios como patrimino cultural. Zurcidoras da montaña, costureiras a xornal a comezos do XX”.

13 Manifestación de las enquisadas que se limitaba de los 6 años aprox. a los 11 o 12. Realizada en las escuelas unitarias.

14 Tendo en conta a Liebana Collado (no congreso a senior en Madrid)

#### **As “Matriarcas”**

**Da intervención, da tecnoloxía facilitadora ás TIC's nas aldeas de Galicia**

**Copyleft: Alicia González Barreiro**

“(…) conxunto de prácticas sociais que buscan estimular a iniciativa e a participación da poboación no proceso do seu propio desenvolvemento...”<sup>15</sup>

(2008, p. 95).


vemos cumprida nas “matriarcas” unha premisa no desenvolvemento, sendo determinantes no avance da comunidade e no seu interese pola mellora, capacidade evolutiva, e acercamento destes espazos a actualidade.

Si damos unha visión evolutiva no tempo e nos acercamos á situación actual das aldeas, mostrárenos unha clara participación feminina no emprego das novas tecnoloxías da comunicación, supeditadas as mesmas, como xa manifestamos, os escasos recursos, á grande cantidade de zonas escuras, que son manifestas de forma especial nos espazos de aldea con unha orografía complicada e o xeito de acercamento destas aprendizaxes de innovación a poboación. Sen embargo, o emprego das tecnoloxías da comunicación é maioritario entre as mulleres nas aldeas, mostra dilo é a súa resposta ante a pregunta:

*levades un teléfono móbil no peto, encima?*<sup>16</sup>

A manifestación nun 100% afirmativa, como se mostra na gráfica é indicador de unha situación real que se vive entre as mulleres, que sendo nun porcentaxe claramente superior ós 66 anos de idade, as que participan na nosa enquisa, denotan unha visión real do manexo no emprego das tecnoloxías de comunicación, na actualidade en espazos de aldea. Por outro lado e de ter en conta, que nas súas respostas observamos a implicación que conleva o emprego destes aparellos o feito de sentirse pretas e non illadas e incomunicadas; sendo tamén una defensa o medo de situacións persoais de soidade ou saúde que se dan.

Constatamos tamén que o entendemento ou tratamento dos terminais, non é igual en todos os casos, sendo as de maior idades,



15 Traducción propia, de su autoría en lengua Portuguesa.

16 Reflexamos en diagrama posterior os datos de porcentaxe.

descoñecedoras en maior medida, das funcións aportadas. Neste caso, indican descoñecer o funcionamento dos iconos que acompañan os terminais; que por outro lado afirman en gran parte, ter sido solicitados por algún fillo/a, deste xeito as características de última xeración dos aparellos, móstranse como algo innovador, máis innecesario. Sendo só as menores de 55 anos (en escaso porcentaxe no espazo de aldea), as que mostran o emprego de redes de mensaxeira como o whatsapp.

Tamén as Matriarcas mostran ser as primeiras no emprendemento de actividades de acercamento ás TIC, no século XXI, coa realización de formacións para alfabetización e introdución no manexo das mesma, unido sempre a un intre de apego e lazo familiar, de fomento, encontro e acercamento coas vantaxes da imaxe que estes elementos tecnolóxicos mostran, fan que sexan motivo de curiosidade e aprendizaxe.

Fomentada está formación por entidades (no caso da Comarca en cuestión) da Federación de Mulleres, coa motivación de ocupar o propio tempo, dadas as idades, o descenso da labor labrega, o feito de ser retornadas da emigración; mostrándose tamén como as incitadoras destas formacións no xénero masculino que é parello, en idades de xubilación ou prexubilación, provocando deste xeito unha formación de adultos dun xeito familiar, o que tamén se nos mostra un maior interese o xénero feminino ou unha motivación claramente distinta, nestas idades.

Estas aprendizaxes ou saberse “capaces” nos mostra dunha mellora da autoestima persoal, unha modificación do ánimo, un cambio nos tempos do fogar, e por ende un tempo de encontro.

Este proceso é verificado e xustifico na busca da aprendizaxe de formación con adicación a muller do rural, algo que tivo o seu fomento grazas a creación das asociacións de mulleres en espazos rurais principalmente nos anos 90, o mesmo tempo que a viraxe das propias administracións e os poderes gobernamentais, empregando partidas na mellora da comunicación e no acercamento as TIC'S, co reforzo dos ingresos dos programas Europeos, ata ese intre, as matriarcas non recoñecen un espazo lúdico de diferenciación.

As matriarcas, non saben dun espazo lúdico propio ou dun tempo propio; que é claramente visualizado en canto os espazos lúdicos e tempos diferenciais do xénero masculino, que dispón das antigas Tabernas (espazos na actualidade desaparecidos, de xeito paulatino nas aldeas), e que no pasado se dispuña como puntos lúdicos e claramente diferenciais para o encontro dos homes da aldea, despois da xornada de labor, ou en días de asueto. As matriarcas teñen un total paralelismo e vinculación entre o traballo e o lúdico, sen dispor dun espazo diferencial.

Fosen os fiadeiros<sup>17</sup>, mallas, colleitas, ou simples encontros de lavadoiro, que levaban aparelada unha función de labor social e comunitaria e eran convertidas o remate do traballo, en espazos de encontro gastronómico ou de participación lúdica en transmisión de cantigas e bailes, parte da cultura inmaterial do pobo. Eses tempos (espazos comunitarios de intervención) foron evolucionando e mudando, en grande parte, pola introdución da modernización, da industrialización, do despoboamento, con isto as matriarcas foron perdendo estes espazos de encontro lúdicos, ata a aparición das asociacións, como entes que se fundamentan no propósito de mellora da situación da muller en canto a formación, información, asesoramento das mulleres dos espazos rurais.

---

17 Lugares de traballo e diversión, para o fiado da lá.

**MATRIARCAS, ANIMADORAS DA ALDEA**

En palabras de de Ander-Egg ós animadores:

*“Non esquezas amigo/a animador/ra que as grandezas do compromiso con a xente deben expresarse con todas as resonancias do corazón, da intelixencia, do espírito e do corpo.(...)”*  
(2004: p.11)

As “MATRIARCAS”, mostran que a realidade do rural ten mudado e muda de xeito continuado, que se atopan nun proceso demográfico de despoboamento, con idades avanzadas e un illamento provocado polas infraestruturas escasas e a imposibilidade de desprazamentos propios. Cando hai estudos, estamentos e persoas , que aínda pensan como manifesta Escudero:

*“...algunos estudios sobre la realidad rural parten todavía de supuestos de la época do desarrollismo (medio rural atrasado, medio urbano progreso)”*  
(2004: p. 32)

As aldeas, mostrase como unha vía de posible futuro, a unha situación actual de crise económica e social, no que as “Matriarcas” e a poboación habitante de aldea están a ser esquecidas sen considerar que estes espazos de poboación son garda dos recursos naturais e da cultura tradicional, que se advirte ten carencias de infraestruturas e de atención por parte das administracións, pero, co ben que a propia terra ten, con unha poboación que precisa de igual atención e escoita que a que habita a Vila, e nos mostran que son capaces de estar actualizadas e facer convivir un movíl no peto das súas bastas cruzadas, co traballo de mantemento de hortas e alcouves. Marcando unha total sinerxía entre o antigo e o moderno, clara dicotomía aldea-urbe.



**As “Matriarcas”  
Da intervención,da tecnoloxía facilitadora ás TIC’s nas aldeas de Galicia  
Copyleft: Alicia González Barreiro**

**REFERENCIAS**

- Annder-Egg, E. (2004). Prólogo. En J. Escudero, *Análisis de la realidad local. Técnicas y métodos de investigación desde la Animación Sociocultural*. Madrid: Narcea.
- Escudero, J. (2004). Análisis de la realidad local. En J. Escudero, *Técnicas y métodos de investigación desde la Animación Sociocultural*. Madrid: Narcea.
- Lopes, M. d. (2008). *Animação sociocultural em Portugal*. Amarante: Intervenção.
- Mendoza Guinea, J. M. (1957). Formación del espíritu nacional. En J. M. Mendoza Guinea, *Formación del espíritu nacional* (pág. 128). Madrid: Imprimatur.
- Mosqueiro, C. (1989). Gran Area de Subvenciones Dillapidada. *Anuario da Voz de Galicia S.A.*, págs. p.p 291-292.
- Pereiro Pérez, X. (2005). *Galegos de Vila, antroploxía dun espazo rurano*. Santiago de Compostela: Sotelo Blanco.
- Puig, T. (s.f.). *Las políticas culturales me parecen un coñazo exhibicionista y un engaño ciudadano atroz*. Recuperado el 9,10,11 de maio de 2014, de La responsabilidad social de la cultura después del crac de los valores financieros: URL: [http://: www.tonipuig.com](http://www.tonipuig.com)

**COMO CITAR ESTE ARTÍCULO:** *González Barreiro, Alicia ; (2015); As “Matriarcas” Da intervención,da tecnoloxía facilitadora ás TIC’s nas aldeas de Galicia.; en <http://quadernsanimacio.net> ; nº 21, enero de 2015; ISSN: 1698-4404*